

Un aspecto perdido do traballo tradicional do ferro no val do Eo: o mazo hidráulico

Miguel A. Abreira Pérez
Roberto Bartolomé Abreira
José M. Pol Fernández

Introducción

Dentro dos obxectos de estudio clásicos da investigación etnográfica en Galicia, acaso o dos oficios tradicionais teña sido un dos máis tratados, con profusión de análises e descrições encamiñadas, principalmente, a lograr un rexistro que debía mitigar, cando menos, os efectos dunha desaparición case sempre anunciada e inminente. Neste contexto, chama a atención que a maior parte destes traballos se teñan centrado naquelas actividades populares máis vencelladas ao estético e artístico, coma se fose nestes aspectos nos que residise a chave para medir o valor e significado cultural daquelas. Como resultado desta tendencia dominante, hoxe contamos con innumerables e excelentes publicacións acerca de ocupacións como a alfarería ou a cestería, mentres noutras, quizá menos pintorescas, atopamos un preocupante baleiro sen fondo, que ameaza con complementar e agravar a perda definitiva de certos oficios seculares. Neste último grupo, debemos incluír, inevitablemente, o traballo de ferreiro¹, que será, a través dunha das súas ferramentas máis descoñecidas e interesantes, o protagonista e fío conductor deste artigo.

O contexto


A zona xeográfica á que nos referiremos é a do val do Eo², río que serve de límite administrativo entre as actuais provincias de Lugo e Asturias. Esta área, reúne unha serie de características que fan dela un conxunto homoxéneo e ben diferenciado, tanto na fala, como na paisaxe, os costumes, as actividades ou a propia relación histórica dos seus habitantes co ferro que enche o seu subsolo³. Esta última vertente, a da relación dos homes e o metal, que é a que agora nos interesa, maniféstase aquí dun

¹ Apenas existen investigacións serias a este respecto no panorama etnográfico galego. O máis salientable encóntrase nun pequeno artigo de Xaquín Lorenzo (1963, e reconvertido para a súa inclusión no recurrido volume de etnografía da Historia de Galiza de Murguía), na aportación un tanto desordeada pero valiosa de J. Fernández (1991) e no traballo recentemente publicado por un de nós (Abreira, 2004). No referente ás ferrerías maiores, as posibilidades son máis amplias, pero o tema, anque obviamente relacionado, presenta xa diferencias de calado (González, 2000).

² Fundamentalmente aos concellos galegos da Pontenova e Riotorto, e aos asturianos de Taramundi, Vegadeo e a rexión dos Oscos.

³ En Galicia, o ferro encóntrase, no seu estado mineral, nas montañas orientais das provincia de Ourense e, sobre todo, Lugo, onde chega a atoparse practicamente ata o litoral. Aínda que a explotación destas veneiras parece probada desde a romanización, está ben documentada desde os séculos medievais e chegou a funcionar como unha verdadeira industria moderna durante os primeiros anos do século XX, a provincia luguesa segue sendo unha verdadeira reserva estatal deste mineral, basicamente debido aos problemas de transporte, que sempre evitaron que ésta fose unha actividade económica rendable. Houbo, pese a todo, meritorios intentos no caso da explotación de Vilaoudriz (A Pontenova) e, por último, nas minas de Silvarrosa (Viveiro), que serían as derradeiras en pechar, xa en 1966.

modo moi claro e particular, e resulta todava facilmente identificable en canto se atende a pequenos aspectos da vida na zona:



Localizacion xeografica do cauce principal do ro Eo e ubicacion relativa do mazo de Ferreiravella

1. A minera do ferro, pese a non manterse na actualidade, deixou fonda pegada, resulta aıda localizable e e asumida polos locais como un patrimonio vello, curioso e inservible, por canto non reporta utilidade economica e, aıda mais, priva de sacar proveito dos lugares nos que pensan que se encontran antigos pozos e galeras, puntos que tratan constantemente de evitar⁴.

2. A documentacion historica da que se dispon, non so menciona, senon que detalla contratos de construccion e arrendamento de ferreras, contratacion de peritos tasadores e tecnicos para a sua explotacion, obrigacions para a extraccion e carrexo de mineral, acordos para a elaboracion de carbon vexetal, ou pleitos entre os numerosos ferreiros, esencialmente desde o seculo XVI⁵, momento no que o traballo de transformacion do ferro acada aquı un considerable auxe coa rapida aplicacion da forza hidraulica.

⁴ Existen bonitas e pedagoxicas lendas ao respecto en toda a comarca, a maiora delas con obxecto disuasorio.

⁵ A maior parte da documentacion historica conecida para esta zona procede do excelente estudo realizado por Pegerto Saavedra (1985) para a antiga provincia de Mondonedo, especialmente productivo no que se refire ao sempre difıcil e moi laborioso vaciado de protocolos.

3. Nese contexto no que a auga cobra un novo protagonismo, tan necesario xa como o do propio ferro ou o carbón, xurden e consolídanse moitos dos hoxe vellos núcleos de poboación, medrando en torno a aqueles enxeños para o traballo do ferro. Delo ofrece boa proba a gran cantidade, variedade e concentración na zona de topónimos tan significativos como Ferreira, Ferreiravella, Ferreirela, Ferreiros, Ferrería, Mazo, Machuco, e un longo etcétera, sempre coincidente coa presenza de restos de actividades de forxa e transformación e, en ocasións, co propio mantemento desas actividades.

4. De xeito paralelo, a poboación local conserva todavía restos dun vocabulario moi específico, relacionado coa fala dos antigos técnicos de ferrería vascos que, por aquel entón, chegaron en masa ao occidente asturiano e a esta zona da Galicia oriental para facerse cargo dunha gran parte das novas ferrerías⁶. Voces como *aroza*, *aldabarra* ou *agoa*⁷, proceden do léxico vasco e foron usados con naturalidade polos ferreiros locais ata o abandono daquelas.

5. A todo isto hai que engadir certa e orixinal profusión de apelidos vascos nun entorno que abarca, con especial concentración, desde Riotorto ata a comarca asturiana dos Ozcos. Nesta zona, consérvanse apelidos tan significativos como Legazpi, Aguirre, Azcárate ou Chavarría, moitos deles todavía en familias de ferreiros⁸. É especialmente chamativa, de igual modo, a frecuencia dos apelidos Lombardero e Lombardía, que na documentación histórica aparecen desde moi cedo ligados a aqueloutros vascos e á dirección de ferrerías e mazos, e que probablemente fosen orixinarios da coñecida rexión italiana, previo paso por Euskadi⁹.



Brasón dos Lombardía, de procedencia biscaína conservado na fachada da súa casa petrucial nos Ozcos, á beira dos restos do mazo familiar

⁶ Hai bastantes exemplos coñecidos de contratos con ferróns vascos durante toda a época moderna (Saavedra, 1985: 326-330).

⁷ *Aroza*, é o técnico que dirixe unha ferrería; *aldabarras* é unha peza da ferrería hidráulica; *agoa*, era o termo co que se denominaba á esponxa de ferro que quedaba tras a calcinación do mineral. Pode verse un exemplo de descrición dunha ferrería luguesa no século XIX, con descrición destas e outras voces en Schulz, 1833 (publicado en 1992: 87-88).

⁸ O apelido Chavarría, sen ir máis lonxe, manténse aínda en varios ferreiros da parroquia de Ferreiravella, en Riotorto. Un Chavarría era, significativamente, un dos propietarios e usuarios doutro mazo existente na propia parroquia de Ferreiravella en 1752 (AHP de Lugo, *Catastro de Ensenada*, Ferreiravella).

⁹ Teoría ben defendida noutro lugar (Vázquez de Prada, 1973: 663-666). Estes apelidos mantéñense, igualmente, en familias de ferreiros aínda no oficio, por exemplo na zona de Taramundi e, nalgúns casos, máis urbanizados, no gremio dos dentistas, o que non deixa de gardar relación con unha das pseudoocupacións tradicionalmente reservadas ós ferreiros no ámbito rural. Hai Lombarderos ferreiros mencionados en documentos do século XVII, entre outros lugares, en Riotorto (Saavedra, 1985: 327), e Lombardías no século XVIII, en diversas aldeas dos Ozcos (AHP de Asturias, *Catastro de Ensenada*, Santalla de Ozcos, Libro 374, Folio 346, Rolo 32), nunha das cales é posible apreciar aínda o digno poderío adquirido por esta liñaxe nunha pequena torre con fermoso e curioso brasón.

6. Diversos lugares, aldeas e zonas da área sinalada, en torno ao Eo, atópanse especializadas, por enteiro e desde hai séculos, na elaboración tradicional en forxa de determinados útiles de ferro, ocupando nesta actividade a practicamente toda a poboación, o que provoca que case cada unha das unidades domésticas conte cun obradoiro propio e cando menos un membro familiar adicado por enteiro e con carácter exclusivo a este labor. É o caso paradigmático dos fouciños, especialización común aínda a case toda a parroquia de Ferreiravella, ou o das navallas en Taramundi, que acabou por substituír á elaboración masiva de caldeiros, sartenes e cravos, propia de séculos pasados e compartida por entón cos ferreiros dos Ozcos, comarca onde, significativamente, xa non queda nin unha soa forxa activa.

7. A presenza e uso secular dunha ferramenta monumental e específica, o mazo, herdada daquelas vellas ferrerías espalladas co solpór do medievo, supón quizá a mellor plasmación gráfica das moitas diferencias existentes entre estes ferreiros das montañas orientais, e aqueloutros da maior parte de Galicia. A importancia dun enxeño así non resultou aínda o suficientemente valorada, pois, pese ao seu aire pesado, arcaico e acaso primitivo, só a posibilidade do seu uso intensivo permitiu que moitos dos lugares ubicados a ambas beiras do val do Eo acadaran o considerable nivel de produción e de demanda comercial que os caracterizaría.

Os aspectos mencionados, semellan dabondo suficientes para percibir as particularidades que ofrece a área sinalada, pero tamén para comprender o traballo tradicional do ferro como algo orixinal, endémico, propio e característico dunha zona na que, todavía hoxe, é posible observar ao ferreiro caldeando o aceiro cos mesmos métodos que hai séculos.

De entre aqueles, analizaremos a continuación o mazo hidráulico, a orixinal ferramenta que, durante séculos, permitiu a existencia duns ferreiros que, desde o retiro destes profundos vales, abasteceron masivamente de fouciños e apeiros de labranza a boa parte do noroeste e a meseta peninsular¹⁰, e que nos últimos anos veu quedando definitivamente relegada á ruína por un sucedáneo de menor tamaño, maior versatilidade e alimentación eléctrica.

Para este propósito, tomaremos como exemplo o coñecido como Mazo da Fraga, na parroquia de Ferreiravella (Riotorto, Lugo), pois, pese ao seu estado actual de ruína, conserva practicamente inalterado o seu contexto e, por outra parte, quedan aínda traballando preto, nas súas forxas, moitos daqueles ferreiros que deixaron a vida nel, polo que é posible coñecer aínda, de primeira man, todo o relativo aos seus aspectos arquitectónicos, técnicos, económicos e sociais, e, en última instancia, inferir así, a partir de aí, cómo foi no pasado o oficio e cal a súa relación cunha cultura de base agraria que, tras séculos de invariabilidade, revélase próxima á súa definitiva desaparición.

O MAZO

¹⁰ A sega do trigo en Castilla, levábase a cabo cos fouciños feitos fundamentalmente nas terras de Riotorto e A Pontenova (Ferreiravella, Espasande, Riotorto, Xudán, Vilaboa,...), que eran demandados cada ano, con varios meses de antelación, polos comerciantes casteláns, coñecedores do seu excepcional corte.

Por mazo¹¹, débese entender o artefacto que, aproveitando a forza e enerxía hidráulica dos ríos, serve para accionar repetidamente un martelo de enormes dimensións e peso, co que o ferreiro logra estirar e adelgazar grandes pezas de ferro, previamente postas ao roxo no lume. Por inercia, e tal e como tradicionalmente ten sucedido con outros enxeños semellantes, a denominación rematou por aplicarse tamén á construción que acolle á ferramenta.



Ferramenta, edificio que a acubilla, e topónimo. A construción correspóndese coas ruínas do Mazo da Fraga, en Ferreiravella (Riotorto), parroquia na que tamén se encontra o topónimo

Todas as ferrerías antigas, contaban cun mazo nas súas instalacións. Quizá por isto, téñense empregado correntemente ambas denominacións para designar o mesmo, cando en realidade estamos ante elementos de orixe, características e finalidades diferentes. Para entendérmonos, a ferrería era a instalación na que se efectuaba a redución do mineral de ferro. Para isto, cargábanse nun forno baixo capas alternas de mineral e carbón vexetal, procedendo á súa lenta combustión por medio de grandes e continuas correntes de aire. Nun principio, estas correntes suministrábanse situando estes fornos en lugares altos e ben ventilados; co tempo, logrouse substituír a

¹¹ Tamén denominados, en ocasións, machucos e, máis raramente, martinets, acepción que aquí soe reservarse para os seus pequenos sucedáneos eléctricos. O DRAG, na entrada *mazo*, fala de todo o que pode ser e deixa o que nos interesa para o final, onde di: *Especie de martelo de gran tamaño, movido mecanicamente, que utilizan os ferreiros para esmagar e estira-lo ferro*. E, a continuación, engade un bonito e significativo exemplo do uso desta palabra: *O mazo de Taramundi* (sic), deixando claro que, ou ben acepta este concello asturiano como culturalmente galego, ou ben quere matizar que en Galicia nunca tivemos deste (o que, como é sabido, é moi incerto), ou que desexa, expresamente, poñer de relevo o feito de que en Asturias saiban coidar e dar a coñecer o seu patrimonio moito mellor do que nós (o que, en moitos casos, non só é certo, senón tamén demostrable).

imprevisibilidade dos ventos pola constancia e seguridade do barquín, unha especie de gran fol, feito de madeira e pel, que funcionaba (só ou por parellas) coa única axuda das mans ou dos pés; e durante os séculos medievais, o sistema acadou o paso evolutivo determinante coa aplicación ao mesmo da enerxía fluvial, método que desde entón obrigaría a instalar estas ferrerías en lugares opostos, pasando necesariamente da proximidade das veneiras, no alto dos montes, á beira dos ríos, no fondo dos vales. De todos modos, antes e despois destas vicisitudes, e dada a insuficiencia das temperaturas acadadas, o resultado da redución era sempre o dunha especie de masa esponxosa, a *zamarra*, que logo era preciso quentar e someter a un contundente golpeo para, por unha parte, lograr separar as escoiras e, pola outra, conferirlle un formato máis ou menos uniforme e manexable ao metal resultante, a modo de tiras ou *vergallóns*. Esta operación tiña lugar na propia ferrería, coa mesma auga que servía para xerar as correntes de aire, e só podía ser realizada por unha gran ferramenta: un mazo. A idoneidade deste enxeño para o estirado do metal, acabaría por xustificar a súa construción de maneira independente e, durante séculos, ferrerías e mazos conviviron nas mesmas zonas con fines semellantes, anque diferentes. Aquelas para reducir, antes de poder estirar, e éstos para estirar, antes de poder forxar, razón pola cal xa non precisaban da gran cantidade de traballadores e recursos propios das ferrerías e eran sempre empregados polos propios ferreiros.

Na comarca á que nos vimos referindo, nas proximidades do Eo, existiron mazos deste tipo nos lugares de Ferreiravella (2), O Mazo, Espasande e Riotorto (todos no concello homónimo), Rececende, Vilaxe, Boulloso, O Machuco (2) e Bogo (na Pontenova), Veiga de Zarza, Mazonovo, Os Teixois, As Mestas, As Veigas, Aguillón, Bres e As Tingas (en Taramundi), e tamén en A Valía, Caraduxe, Mazonovo, As Barreiras, O Mazo e Mazo de Mon (na comarca dos Ozcos). Ademais, poderíamos sumar aínda case outros tantos en lugares próximos dos concellos galegos de A Fonsagrada, Ribeira de Piquín, Pol, Lourenzá, Mondoñedo e mesmo Oulol, así como nos asturianos de Grandas de Salime, A Veiga (Vegadeo), Castropol ou El Franco¹². De todos eles, debe mencionarse que en Galicia tan só un dos existentes nas zonas citadas se atopa en funcionamento e visitable¹³. En Asturias, tres dos catro mazos rehabilitados con erario público en toda a comunidade, encóntrase entre os mentados e figuran actualmente entre os máis importantes e mellor ofertados atractivos turísticos de toda a rexión veciña, con indudable éxito¹⁴. O resto, presentan un estado de ruina culturalmente lóxico, pero patrimonialmente lamentable. O caso que agora nos ocupa insírese neste contexto, do que actualmente pretende ser rescatado pola administración local¹⁵.

¹² Baseándonos na toponimia, nos restos coñecidos, nas referencias de antigos viaxeiros e nos datos procedentes da documentación de arquivo conservada, da que debemos destacar o aportado polo Catastro do Marqués da Ensenada, efectuado nesta zona entre os anos 1752 e 1753.

¹³ Trátase do Mazo da Porteliña, na Fonsagrada, onde todavía é o último dos propietarios o que acompaña, abre e explica e, de vez en cando, utiliza. Fóra dos concellos citados, pero non moi lonxe, recuperouse hai poucos anos o mazo existente en Santa Comba de Nadela, no Corgo, aínda que a posibilidade de visitalo, contemplalo e comprendelo non está, nin moito menos, asegurada.

¹⁴ Estes mazos son os de Aguillón e Os Teixois (en Taramundi), e Mazonovo (en Santalla de Ozcos). O cuarto ubícase xa algo máis lonxe da bacía do Eo, na comarca de Somiedo, en Albariza (Belmonte de Miranda).

¹⁵ Tras ter limpado meritoriamente nos últimos anos o seu frondoso entorno, a día de hoxe véñense acometendo traballos de rehabilitación do edificio deste mazo, sen que nos conste a existencia de proxecto etnográfico algún e tamén, o que quizá resulte menos lóxico e comprensible, sen contar co que os ferreiros teñen que dicir e aportar ó respecto. Trátase, convén non esquecerlo, de reconstruir un pasado, e non só un edificio, pois éste non é máis que a parte dun todo.

A orixe

Na parroquia de Ferreiravella chegaron a convivir dous mazos hidráulicos¹⁶ de estirar o ferro, de entre os cales o que nos ocupa foi o último en ser construído. Do máis antigo deles, é do que se conserva unha maior cantidade de referencias históricas. Atopábase, como non podía ser doutro modo, no lugar do Mazo, onde todo semella indicar que a instalación do enxeño foi a semente en torno á cal iría medrando despois este núcleo. Todavía durante o século XX, recibía éste poboación dos barrios veciños pola presenza do mazo e das moas espalladas polo río, atraendo así familias de ferreiros que precisaban a súa proximidade para traballar e evitar gastos excesivos de tempo, esforzo e cartos. A primeira mención que coñecemos deste mazo ten lugar nun documento de arrendamento do ano 1691, no que é citado como un dos límites das herdades que o propietario, un tal Luís de Uría y Tobar, tiña no lugar de Ferreiravella¹⁷. En 1752, volvemos a saber del no Catastro do Marqués da Ensenada, onde se di que hai *un mazo de mazar el hierro al sitio do Mazo*¹⁸. Posteriormente, cítase no Madoz (1845-1850). Xa no século XX, contamos cun par de fotografías do investigador alemán Walter Ebeling¹⁹ e, por fin, un pequeno pero valioso artigo de Xocas adicado en exclusiva á descrición do modo de funcionamento deste mesmo mazo²⁰, que segue sendo ata hoxe o único estudio etnográfico existente en Galicia acerca destes enxeños. Acabou abandonándose na década dos oitenta do século pasado, e case inmediatamente despois foi case todo él destruído polo seu último propietario²¹, tras practicamente catro séculos de historia (coñecidos).

En canto ao outro, o que aquí nos ocupa, o Mazo da Fraga, polos testemuños recollidos, non sería en ningún caso anterior ao último tercio do século XIX, resultando, como é lóxico, moi similar ao anterior, situado no mesmo rego, apenas uns centos de metros por debaixo. O feito de que non se conserve documentación algunha, apoia a teoría desta tardía construción, pois do contrario existiría, cando menos, unha mención no diccionario de Madoz; pero chama a atención que nin Ebeling, nin Xocas, aludisen cando menos á súa existencia, habida conta da escasa distancia entre ambos mazos²². Actualmente, antes das obras de recuperación previstas, presenta un estado de abandono grave, aínda que todavía interesante e en certo modo subsanable. O seu interese

¹⁶ Dous, e non un, contrariamente ao que se ten afirmado (Saavedra, 1982: 533-534), sen dúbida por basearse unicamente en fontes de carácter escrito.

¹⁷ Este documento encóntrase no AHP de Asturias, sección de protocolos notariais, caixa nº 13.527.

¹⁸ AHP de Lugo, Catastro de Ensenada, *Ferreiravella*.

¹⁹ Estas fotografías, realizadas durante unha viaxe do alumno de Fritz Krüger por Galicia, entre 1928 e 1933, foron publicadas recentemente (VV.AA., 2003, imaxes nº 514 e 515), e amosan, por un lado, o *banzado* cheo de auga, e polo outro, unha fermosa imaxe do interior con varios ferreiros reunidos en torno ao mazo.

²⁰ Lorenzo, 1963, vol.2: 175-181.

²¹ Episodio que lamentan hoxe incluso os propios veciños, sabedores da importancia que a conservación dalgo así podería representar hoxe para o pobo; naquel momento, o temor á curiosidade de xentes descoñecidas foi maior que o interese polo lugar no que durante séculos se pasaran tantos traballos e miserias. Incrivelmente, os veciños aseguran ter atopado a peza de ferro que conformaba o propio mazo (é dicir, a parte fundamental deste enxeño), nada menos que no mosteiro do Escorial, onde, tras pasar polas mans de varios ferralleiros e vendedores ambulantes, afirman eles, figura exposto como unha estimada reliquia e sen etiqueta de procedencia.

²² Quizá esta omisión poida atribuírse, por unha parte, á coñecida antigüidade do primeiro dos mazos, no lugar homónimo, que o faría sen dúbida máis atractivo, e por outra, á súa mellor accesibilidade, pois ubicábase a apenas vinte metros do camiño (hoxe estrada) que atravesa a zona, en pleno centro do barrio. O mazo da Fraga, en cambio, pese á proximidade, localizábase nunha paraxe máis apartada e solitaria, tal e como a súa propia denominación indica.

etnográfico e histórico segue sendo grande, xa que ademáis de conservarse parte das estruturas, o lugar atópase completamente rodeado de forxas e moas, nas que todavía viven e traballan os últimos ferreiros que se valeron desta ferramenta.

As estruturas

O edificio no que se aloxa o mazo garda, arquitectonicamente, lóxicas semellanzas coas tradicionais construcións hidráulicas propias da cultura popular. En primeiro lugar, prima a ubicación, que precisa non só da proximidade dunha corrente fluvial, senón sobre todo da existencia dun desnivel que permita crear un salto de auga con certa entidade. Por outra parte, é necesario pensar a infraestrutura que permitirá, primeiro, desviar parte do caudal do río, segundo, canalizala ata o lugar no que se ubica o mazo, e terceiro, almacenala ata xerar a cantidade suficiente como para asegurar o funcionamento do enxeño durante o tempo preciso. Finalmente, o conxunto resultante debe ser funcional pero necesariamente austero, dada a marxinalidade económica dunha cultura predominantemente autárquica e encamiñada esencialmente á autosubsistencia.



Imaxe xeral do conxunto (mazo e bodegos de almacenamento) en relación ó rego de Ferreiravella

O Mazo da Fraga axústase ben a estes parámetros. Ubicado na beira dereita do rego de Ferreiravella, situouse a presa en torno a uns 600 metros por riba do mazo, e a éste arrimado contra un talude de terra que o sobrepasa en altura e pola cima do cal discorre, por un canal de en torno a un metro de ancho, a auga desviada do río. A longa canalización, moi elemental, apenas labrada na terra, remata nun gran depósito, o *banzado*, que vai adosado lateralmente ao edificio do mazo, e que acada altura e capacidade suficiente como para que a auga almacenada poida mover, na súa caída, todo o mecanismo²³. Aínda que éste é de pedra²⁴, inicialmente os banzados eran de madeira,

²³ En caso de enchenta, vertería hacia fóra, pois no momento da construción deixouse ese muro, o externo, más baixo que o resto dos que pechan o depósito. Noutros lugares, logróbase idéntico cometido

co mesmo aspecto de bañeira colosal pero, con seguridade, menos herméticos e resistentes. Na base do mesmo, conta cun furado no que encaixa unha *maza* de notable peso e volume que, por un sinxelo sistema de panca, pode erguerse ou baixarse desde o interior do edificio. Cando o ferreiro tira dunha vara artellada, a maza érguese, e a auga cólase con fluidez polo furado, accionando así a roda que move o mazo, para rematar despois, de novo, no cauce do río.



Aspecto exterior do banzado: esquerda, en pedra, Mazo da Fraga;
Dereita, en madeira, Mazonovo, en Santalla de Ozcos.

Adosado lateralmente a este depósito no que se almaceaa a auga, atopamos a edificación terrea que acolle o mazo propiamente dito. A planta, aunque tendente a cadrada, presenta unha forma irregular, adaptada ás necesidades do enxeño. Os muros, elaborados no xisto característico da zona, non teñen máis aberturas que a dunha porta con lintel para a entrada desde o exterior, así como os ocos que o comunican coa parte inferior do banzado, desde onde parte o funcionamento do mecanismo. A cuberta, a dúas augas, consiste nun lousado colocado sobre un entramado de madeira e pechado á maneira tradicional, coas cumieiras entrelazadas. O chan, lonxe de lousarse, consiste nunha mistura de terra e o cisco procedente da combustión de carbón e ferro, da que resulta un piso moi firme, compacto e resistente. No interior dispónse o mobiliario, composto unicamente do propio mazo que, dadas as súas dimensións, ocupa a maior parte da estancia, e dous *regazais* sobre os que se quenta o ferro.

O conxunto remata de adquirir entidade e monumentalidade horizontal, co engadido, polo lateral oposto ao banzado, dun corpo que, tendente á planta rectangular e compartimentado ata a extenuación, viña a servir de edificio de servizos para os ferreiros que tiñan parte no mazo. Nesta parte da construción, encontrábase a corte, para acubillar as cabalerías daqueles que as tiveran; pero sobre todo os denominados

deixando na parte superior dun dos muros un pequeno rebaixe, case unha escotadura, que soían denominar rebousadoiro.

²⁴ O fronte do banzado foi argamasado nun momento posterior ao seu erguemento, coa finalidade de evitar pequenas pero constantes fugas de auga, e combatir así o que sempre sería o principal problema dos mazos deste rego, a falla estacional de auga.

bodegos, pequenos espacios pechados, morfoloxicamente irregulares, e de propiedade e uso individual, que cada ferreiro dispoñía para gardar nel carbón, ferro, ou algunha das ferramentas das que se valía para o traballo no mazo. Dadas as necesidades dun espacio que debía chegar para todos, a precariedade de recursos e a natureza estritamente funcional, de almacenamento, coa que necesariamente foron concebidos, estes bodegos sorprenden polas súas reducidísimas dimensións, con casos que apenas sobrepasan o metro e medio de altura e o metro cadrado de área interior, así como por un carácter pretendidamente privado, que contrasta en gran medida co do enxeño que nos ocupa, e que provocaba que estiveran sempre pechados con porta de madeira e pechadura propia. O interior carece de ventás, divisións e mobiliario algún. Todo o que nel se gardaba, apoiábase directamente contra os muros, sobre o chan e, tratándose de pequenos obxectos, nun pequeno oco deixado ó xeito nun dos muros, a modo de alacena aberta, que denominan *mainelo*. Exteriormente, este anexo garda as liñas marcadas polo edificio principal, como unha prolongación do mesmo, e mantén o mesmo tipo de alzado e cuberta. A unión entre ambos corpos asegúrase cunha porta interior que os comunica, e o acceso á maioría destes bodegos é posible desde un pasillo que vertebra esta construción lonxitudinalmente. Outros, engadidos máis tarde, miran xa hacia fóra e teñen acceso desde o exterior. Varios deste bodegos tardíos conforman, de maneira aillada, unha pequena construción exenta, que se ubica xusto fronte aos anteriores, e preto da mesma aínda é posible atopar unha máis, para idéntica finalidade, contribuíndo a alimentar así o marcado carácter popular, rústico e un tanto caótico que emana de todo o conxunto.


O enxeño

O mecanismo de funcionamento do mazo, ten unha dobre funcionalidade. Por un lado, a auga almacenada no banzado utilízase para o accionamento do martelo. Por outro, esa mesma auga pode empregarse, mediante un complexo e precioso método, para insuflar as correntes de aire que a forxa precisa e avivar así o lume co que ha de quentarse o ferro.

1) O mazo.

O sistema de funcionamento do mazo, todo el de madeira, é sinxelo. Debaixo do banzado, hacia o extremo, hai unha *roda* de aspas que, ao erguer a maza, é impulsada pola forza da auga. Este movemento de rotación é transmitido ao interior da construción na que está o ferreiro por medio dun eixo ou *árbol* que, preto do seu extremo, conta con varios saíntes a modo de levas ou *malugreiros*. Ao xirar o árbol, os malugreiros golpean xusto no extremo do *mango* que ten man do martelo, obrigando a aquel a baixar (mentres éste sube) ata que perde contacto coa leva. Nese momento, ao liberarse do peso que o ergueu, o mazo cae bruscamente, golpeando con gran estrondo sobre a *incre*. O movemento repítese, por cada volta que dé a roda, tantas veces como malugreiros teña o eixo.

Tomando o enxeño por partes, deberemos distinguir fundamentalmente entre tres: a roda, o árbol e o propio mazo.



O MAZO

1, Estolda; 2, Roda; 3, Palas; 4, Curvatoes; 5, Cruces da roda; 6, Sellos; 7, Árbol ou Eixo; 8, Malugreiros; 9, Cepo do árbol; 10, Cabezal; 11, Gorreón; 12, Cánula; 13, Mango; 14, Ximela; 15, Boga; 16, Tetas da boga; 17, Mazo; 18, Incre

O CEPO DO MANGO

1, Boga; 2, Tetas da boga; 3, Aldabarras; 4, Cepos; 5, Cadeas

- a) A *roda*. Co banzado aberto, a auga cólase e cae por un conducto vertical que chaman *estolda* e que, tras uns tres metros de caída, remata xusto sobre as aspas da roda, provocando así o seu movemento xiratorio. No mazo da Fraga, esta roda, de 1,70 metros de diámetro, 0,15 de ancho e feita en madeira de carballo, conta con 16 *palas*, e toda ela vai construída partindo do eixo ou árbol que a atravesa polo centro. O normal era que, co banzado ben cheo, a cadencia de xiro rondase as 25 revolucións por minuto²⁵.



²⁵ A roda da ilustración correspóndese coa do recuperado mazo de Mazonovo, en Santalla de Ozcos.

- b) O *árbol*. Este eixo era fundamental dentro do entramado. Para a súa fabricación, empregábase a parte central ou *duramadre* dun cachopo de carballo. Neste caso, o diámetro era de 0,60 metros, e a lonxitude acadaba os 5 metros. A súa maior durabilidade asegurábase coa instalación en quente de varias *argolas* ou *sellos* de ferro que, ó arrefriar e contraerse, quedaban ben apretadas contra o eixo, e a unión entre árbol e roda lográbase mediante dous madeiros enfiados en forma de aspa, e denominados aquí *cruces da roda*, que posibilitaban que ambas partes xirasen conxuntamente. Nos extremos, este eixo levaba enxertados uns saíntes cilíndricos de ferro, os *gorreóns*, que, ao sobresaír uns 0,15 metros, permitían o seu apoio sobre cadanseu *cepo* e *cabecal*, mantendo roda e árbol elevados sobre o chan. O quencemento pola continua fricción de gorreóns e cabezais evitábase por medio dunha *cánula*, unha pequena canle de madeira que, partindo do banzado, levaba constantemente un fío de auga ata este punto. No caso do gorreón máis próximo á roda, o uso desta cánula resultaba xa innecesario, debido ás constantes salpicaduras de auga que aquela xeraba ao moverse .

A pouca distancia do extremo oposto ao da roda, sobresaían do eixo varias levas ou *malugreiros* que, ao xirar, permitían erguer e soltar alternativamente o *mazo*, logrando así transformar o movemento de rotación noutro de percusión. A frecuencia dos golpes dependía non só da cantidade de auga coa que se traballara, senón sobre todo do número de malugreiros co que contara un mazo. E aínda que o normal era contar con catro (como xa mencionamos, con este número, un xiro completo da roda equivalía a catro golpes), non existe un acordo total entre os usuarios do que agora nos ocupa, pois contamos con referencias orais nas que se nos fala de tres²⁶.

- c) O mazo. Visto en planta, o enxeño forma un L, no que o eixo ou árbol sería o brazo longo, mentres o *mango* que suxeita o mazo viría a ser o brazo curto. Este mango, tamén de madeira de carballo, tiña unha lonxitude de en torno ós 3 metros, e un grosor de entre 0,30 e 0,40. O seu punto de apoio, en vez de estar no medio do mango, situábase máis retrasado, para dar así máis peso ó mazo, e lográbase por medio dunha *boga*, unha especie de abrazadeira metálica con dous extremos laterais apuntados, que chaman as *tetas da boga* e que xiraban sobre outras pezas de ferro chamadas *aldabarras*, suxeitas contra unhas cuñas de madeira. Todo elo,



sustentado sobre uns *cepos* moi similares ós que sosteñen o eixo, pero que neste caso ían amarrados na súa parte superior por uns madeiros transversais denominados *cadeas*. Con este sistema, o

²⁶ É posible que o enxeño comezase tendo tres, co que resultaría demasiado lento, e fose mellorándose progresivamente. Aínda que o deterioro dos restos existentes non permitían aseverar nada, ó remate deste artigo puidemos ver, no marco dunhas obras iniciadas polo concello, a peza do eixo en toda a súa lonxitude, comprobando que en efecto os malugreiros, cando menos no momento do abandono, eran catro.

mango quedaba coma se dun balancín se tratase²⁷.

O extremo máis próximo ao arbol, cubríase cunha placa de ferro, a *ximela*, que axustábase ben a este extremo. Nesta ximela era na que, co xiro do árbol, golpeaban os malugreiros, logrando así baixar este lado e levantar o oposto, no que se encontra o martelo. Para evitar que a ximela chegase a petar no chan, colocábase xusto debaixo unha pedra, que os ferreiros coñecían como *tendal*. Ao perder o contacto coa leva, que seguía xirando, o mazo, xa sen peso no extremo contrario, caía con gran violencia e bulla sobre unha *incre*, chantada ao xeito no piso.

Como pode suporse, no extremo distal do mango é no que ía suxeito o elemento que dá nome a todo o conxunto. O *mazo* é unha peza de ferro que podía chegar a pesar 200 ou 300 quilos²⁸, se ben no caso que nos ocupa pesaba en torno aos 60-75 quilos, e que vai axustado ao mango que o atravesa, por medio dunha serie de *cuñas*. Ao caer, este martelo de grandes dimensións, golpeaba sobre unha *incre* con forma de pirámide truncada que, suxeita ao *cepitillo*, un cepo de madeira de cerna soterrado no solo, permanecía fixa a rentes do chan.

2) A trompa.


Na forxa, é preciso poñer o ferro ao roxo antes de poder modelalo a forza de martelo. Isto inclúe, por suposto, ao noso peculiar martelo, por moi grande e contundente que sexa. Para lograr as temperaturas requeridas para o forxado, necesítase unha corrente de aire regular e suficiente que avive ao xeito o lume. Por este motivo era precisa a instalación dun sistema que asegurase unha chegada eficiente de aire ata o regazal. Nos mazos da zona, isto conseguíuse por medio de dous métodos diferentes e complementarios. O primeiro, e máis común, era o do *barquín*, un fol de grandes dimensións que, pendurado ao lado da forxa, permitía insuflar aire simplemente tando dunha vara, aquí denominada *cabrita*. Ao soltar tomaba o aire, e ao tirar expulsábao pola tubeira. Este sistema, na súa versión manual²⁹, era o de uso predominante no Mazo da Fraga, pero non o único, pois a el debemos engadir o da trompa, de curioso funcionamento.

A trompa baséase nos principios físicos do efecto Venturi. Isto quere dicir que se nun tubo polo que descende unha corrente de auga provocamos un estreitamento do diámetro, e situamos un par de furados ou *oídos* por baixo daquel, as variacións na velocidade e a presión provocarán unha corrente de entrada de aire. Auga e aire, unha vez misturados, seguirán descendendo ata chegar a unha cámara pechada, o *trobo*, na que o aire sólo pode saír por un furado, que será precisamente o que o conduza xusto ata o fogar da forxa. Este sistema aproveitaba a auga almaceada no banzado e funcionaba paralelamente ao do mazo, se ben con maza, conductos e vara de accionamento independentes. Pese ao máis efectivo do seu funcionamento e ó barato do seu mantemento, o seu uso no mazo da Fraga era só temporal, pois na maior parte do ano non existía auga suficiente como para valerse deste enxeño, obrigando así a recorrer ao barquín. Igual que no caso do mazo, podemos diferenciar tres partes esenciais.

²⁷ Fotografía tomada no mazo da Porteliña, A Fonsagrada.

²⁸ Por exemplo, nos mazos das ferrerías (González, 2000: 83).

²⁹ Noutros casos, o barquín, ou parella deles, funcionaba coa forza da auga. Pódese ver un exemplo na ferrería de Penacova, en Bóveda.



A TROMPA

- 1, Banzado
- 2, Maza
- 3, Chifrón
- 4, Estreitamento
- 5, Oídos
- 6, Trobo
- 7, Lousa
- 8, Trombo ou Canón
- 9, Tubeira
- 10, Regazal ou Forxa
- 11, Vara

- a) O *chifrón*, que non é máis que un segundo conducto vertical polo que baixa a auga do banzado, e que vai situado paralelamente á estolda. O método de apertura, por medio dunha maza e unha vara, é idéntico en ambos, pero a partir de aí, as diferencias son grandes. O *chifrón* conta na súa parte alta cun pequeno estrangulamento e, xusto por embaixo deste, con catro furados denominados *oídos*. Así, en canto diminúe a presión dentro do *chifrón*, para igualala, toma aire de fóra, e remata producíndose unha corrente mixta de auga e aire, que segue o seu descenso.
- b) O *trobo*, era a caixa na que remataba o percorrido vertical do *chifrón*. Consistía nunha caixa pechada, cunha lousa no fondo e auga por baixo, de modo que ó rematar nela, o aire non podía fuxir por outro sitio que polo pequeno tubo que ó xeito se deixaba enxertado neste trobo. Para evitar que o aire resultase húmedo en exceso, procurábase facer unha caixa grande, con suficiente separación desde a lousa na que se separaban aire e auga ata a o inicio do tubo ou *canón*.
- c) O *trombo* ou *canón* eran os nomes que recibía este conducto que, partindo desde o trobo, conducía a corrente de aire ata unha tubeira ensamblada na base do regazal, sobre o que o ferreiro quentaba, axudándose do carbón vexetal, o aceiro. A chegada de aire era constante mentres se mantivera, tirando da vara, a maza da trompa aberta.

O proceso técnico

O traballo que se facía no mazo, era sempre o mesmo e consistía en calzar o ferro e o aceiro, para despois sometelo ao seu estirado. Polo tanto, non se remataban útiles nin ferramentas nel, senón que simplemente se levaban a cabo os pasos previamente indispensables para poder acometer despois eses traballos na forxa. Por esta razón, había, dentro do traballo semanal do ferreiro desta zona, uns días concretos para estirar no mazo, e outros para transformar na forxa todo o que se fixera no río, ata que tocase voltar. Comprender este factor é importante, na medida en que nos indica o valor que o uso dunha gran ferramenta deste tipo tiña entre estes homes.

O camiño ata o rego, facíase con todos os aparellos necesarios, axudándose, cando se dispoñía dela, dunha besta coas pertinentes angorellas. Noutros casos menos afortunados, o lombo facía asento para todo o carrexo. Isto incluía o ferro, o aceiro, o carbón de cepa³⁰, as ferramentas e a tubeira. En ocasións, parte deste material xa non era necesario transportalo, pois podía deixarse no pequeno bodega que cada ferreiro tiña a carón do edificio do mazo.

Chegado ao enxeño, o primeiro era comprobar o nivel de auga do banzado. A diferenza entre que estivera cheo e a medio encher era enorme e notábase na presión coa que saía a auga, que era maior, loxicamente, canto máis peso tivese enriba. De non estar cheo, percorríase o canal todo ata chegar á presa, procurando esbancar e mandar para o banzado, toda a auga posible. Dependendo da cantidade de auga dispoñible, elixíase o uso dun ou outro regazal, pois había un por cada sistema de aire empregado, isto é, o da trompa e o do barquín.



Elexido o regazal, a primeira das ferramentas a empregar era a *tubeira*, o conducto cilíndrico de ferro polo que pasaba o aire ata a forxa. A razón de que non estivese permanentemente instalado nos regazais e de que cada ferreiro tivese que portar e poñer un de seu, residía en que, pola súa constante proximidade ao lume, este elemento remataba queimándose, e era frecuente que houbera que amañar nela. Por outro lado, a súa colocación, dimensións e inclinación, eran variables que podían influir dun ou outro xeito segundo fosen acometidas, polo que o seu uso remataba sendo algo

³⁰ O ferro solíano mercar en Xubia (O Ferrol), ou en almacéns de Lugo e Ourense; o aceiro procede aínda hoxe (séguese usando nas forxas de Ferreiravella) da fábrica Bellota de Bilbao; e o carbón de cepa, elaborábase nos montes da zona da Fonsagrada, desde onde era traído a vender á feira de Meira, na que se abastecían os ferreiros do entorno; no caso do carbón de pedra, máis calorífico pero menos idóneo para determinadas fases de traballo, como as que tiñan lugar no mazo, solía chegar desde Asturias á Veiga (Vegadeo), desde onde era redistribuído.

moi persoal. Para a súa precisa instalación na forxa, era corrente que os ferreiros saltasen antes á outra beira do rego, onde había unha barreira, o barro da cal, en mistura con outros engadidos como o propio cisco, permitía fixala ben no punto exacto desexado.

A primeira das dúas operacións que se realizaban no mazo era a do *calzado*, mediante a cal se unían no lume ferro e aceiro ata conformar unha mesma peza metálica, na que o ferro quedaba pola parte de atrás ou *cota*, e o aceiro pola de diante ou *fío*. Para elo, o ferreiro precisaba dunha tira de cada un destes metais, de en torno a un metro de longo e un ancho duns cinco centímetros. A adhesión de ambas lográbase mediante a calor que se lles daba no regazal ata poñelas case a derretir, para o cal era necesario unha corrente continuada e moi considerable de aire.



Era frecuente, cando non quedaba máis remedio que insuflar co barquín, que o ferreiro se fixese acompañar dalguén, xeralmente a súa muller, para abalar nel, de xeito que puidera así ocuparse por enteiro do calzado e o estirado do ferro. Esta axuda, non era en cambio necesaria co uso da trompa, xa que a vara coa que se regulaba a entrada de auga, podía sosterse coa outra man, ou incluso prenderse dunha argola chantada ao efecto nun cepo.

Coas tiras case derretendo no extremo sometido ao lume, o ferreiro collíaas polo oposto cunhas tenazas ou *chás*, e levábaas así, suxeitas coa destra, ata a ingre. Mentres, coa man esquerda, tiraba da vara do mazo, de modo que se erguese a maza o suficiente como para que a auga comezase a mover a roda e, con ela, o propio martelo. A frecuencia do golpeo, regulábase coa vara ou *acelerador*, o que non debía resultar baladí, pola gran forza e pulso que a operación esixía, que chegaba a levar en ocasións ao ferreiro atrás dela. A cada golpe de mazo correspondía un movemento rotativo da man coa que se sostiña o ferro e o aceiro, procurando, en definitiva, que a unión entre ambos fose total ao longo de toda a parte queentada. Loxicamente, o proceso non se facía dunha vez, senón en varias *caldas*, xa que as dimensións non permitían darlle calor a toda a lonxitude da tira. Unha vez unida a primeira calda, cortábase cunha *talladeira*, e iniciábase unha segunda, e así sucesivamente, podendo saír, máis tarde, de cada calda, un focín³¹.

Estreitamente vinculada á anterior, desenvolvíase a operación do *estirado*. A mecánica era semellante á explicada. Coas *chás* cóllese un pedazo do ferro e aceiro xa calzado, e métese no lume, co aire ben aberto. O estirado da parte queentada conseguíase levándoa ao mazo e facendo que os golpes que éste lle daba, afectasen a toda a superficie da calda, ata deixala ben plana por ambas caras. Entre golpes, o ferreiro ía xirando a man a gran velocidade para que as petadas se prolongasen por toda a calda e non caeran todas no mesmo sitio, deixando unicamente libre un dos extremos, que habería de forxarse máis tarde e con maior coidado, ata convertelo no rabo do focín. Coa calda xa estirada, cortábase e deixábase arrefriar no chan, volvendo ao lume co

³¹ A complexidade técnica que entrañaba esta operación era enorme. Para coñecer con maior profundidade esta e outras técnicas empregadas tradicionalmente nas forxas de Ferreiravella e arredores, pode verse o estudio publicado por un de nós (Abraira, 2004).

resto da tira e repetindo o procedemento nunha nova calda. Aínda que a forma resultante, tras o estirado, non era máis que o dunha tira metálica moi longa, moi plana e recta, é interesante salientar que esto xa era considerado como un focuíño polos ferreiros, pois así se referían a ela. Tras estes traballos, quedaba aínda o espalmado, o cravuñado, a templa, o revenido, o enmangado e o afiado. Pero co estirado do mazo, o focuíño xa estaba *sacado*.



Algúns aspectos socioeconómicos e culturais

A propiedade do mazo da Fraga de Ferreiravella era comunal, ao igual que o seu disfrute. Pertencía a gran parte dos ferreiros existentes na parroquia (e a algún das veciñas), que tiñan repartido o seu uso, desde o esquecido momento da construción, por un complexo sistema de quendas. Segundo referencias orais dos propios ferreiros, hacia 1970, xusto antes do inicio da súa decadencia, a utilización do mazo repartíase entre 18 e 20 ferreiros. Éstes posuían, por herdanza ou compra, un número variable de horas, que eran medidas mediante cuartos de día. Así:

24 cuartos	6 días
4 cuartos	1 día
2 cuartos	12 horas
1 cuarto	6 horas

O total dos *cuartos* repartíase, á súa vez, en quendas sucesivas, de modo que un ferreiro podía ter un cuarto na primeira, outro na terceira, etcétera, e así ata completar, por aquel entón, 6 quendas, que eran as necesarias para que todos desen pasado cos cuartos que cadaquén tiña en propiedade.

O mazo traballaba de continuo e sen interrupción case todo o ano, tanto de día como de noite, e tan só se reservaba a xornada do domingo para o seu descanso, día en que quedaba sen amo. En moitos casos, este mazo non era abondo para dar feito todo o que se tiña encargado, polo que aínda era preciso recurrir a outros de aluguer, espallados polos arredores³².

Para o bo funcionamento de todo o enxeño, ademáis da xa mencionada refrixeración hidráulica daquelas partes que traballaban en continua fricción, era habitual bañar de hunto, toucín e outras graxas animais determinados elementos do mecanismo, tal que os malugreiros, logrando así que o conxunto esbarase e funcionase non só con maior facilidade, senón tamén con menor acritude e desgaste.

O sistema de quendas extendíase á cuestión do mantemento do mazo. Así, de oito en oito días, os dous ferreiros de turno debían acudir a facer os amaños rutinarios, que consistían fundamentalmente no cravuñado das bocas coas que iban calzadas respectivamente, tanto o propio mazo como a incre. Máis esporadicamente, cando era precisa a substitución destas bocas por outras e había que sacar o mazo do mango e a incre do cepitillo para calzarlle as novas bocas, xa non bastaba con dous ferreiros senón que era preciso que fosen todos³³. Isto debíase ó pesado do traballo, que requería do uso dunhas tenazas curvas de enorme peso e dimensións, axeitadas para agarrar o mazo, e que consistía en lograr calzar ou soldar nel a boca de aceiro, a base unicamente de calor e dos golpes dados por un grupo de tres homes que, petando a esgalla con marras, aínda precisaban que lles fosen dando relevo outros grupos de ferreiros.

Había, por outra parte, que contar con certas e recurrentes averías. As naturais, que entraban dentro do normal desgaste polo uso, e as provocadas, que saíanse do que podería considerarse como agardable, pero que acostumaban repetirse con certa insistencia en similares situacións. Podía así suceder en ocasións, por exemplo, que o coiro do barquín aparecese rasgado cunha coitelada, ou que alguén atrancase a estolda ou o chifrón, cando o ferreiro erguía a maza, precipitando un pao polo furado abaixo. O método podía presentar variacións. O interesante da cuestión era, non obstante, que isto solía coincidir coa proximidade dalgún acto festivo na zona, tal que unha cegada, un baile ou un festexo calquera que, dalgún xeito inesperado e pouco oportuno, viña a concurrir, en definitiva, coa quenda dalgún ferreiro ocioso, sen dúbida máis amigo da xolda que da forxa. Co mazo averiado, a quenda paraba e o turno daquela quedaba suspendido ata a restitución do enxeño, que podía durar varias horas ou incluso días.

Hacia a noite, na rutina diaria, era o propio mazo o que habituaba transformarse, quizá non en festexo, pero sí en forte reclamo social da parroquia. Isto debíase ao seu carácter comunal, á continua presenza de alguén traballando nel, e tamén aos numerosos homes que afixaban durante todo o día nas moas próximas, no mesmo río,

³² É o caso do mazo de Riegal, en Rececende, ou o do moito máis antigo mazo de Rufino, no significativo lugar do Machuco (Bogo, A Pontenova). Temos referencias de ferreiros que teñen ido a pasar 8 días seguidos a este último mazo, salvando un camiño longo e moi difícil, para poder así dar feito todo o que lles pedían aquí, de Galicia, e sobre todo de Castilla.

³³ Existen bonitas anécdotas acerca dos sistemas de comunicación e aviso entre as xentes destes lugares de fortes pendentes e angostos camiños. Sirva de exemplo o daquel ferreiro que, vivindo no outro lado da serra, no fondo do val, era avisado a berros desde o alto da mesma para non someter ás pernas a estériles sufrimentos: *Había un en Santa Comba que traballaba no mazo da Fraga, e entón subían ó alto da serra e berrábanlle: ¡O Bouso de Santa Comba, que veña arreglar o mazo da Fraga tal día!, berrábanlle desde alí arriba, para non ter que ir a Santa Comba.*

para os ferreiros da zona. O bo ánimo, a quentura do lugar e o alcohol facían o resto, convertendo ao mazo nun espacio para o encontro, a comunicación e o mantemento dos lazos da relación veciñal e laboral, con carácter predominantemente masculino. É frecuente que os ferreiros recoñezan que con todo o viño que alí se bebía poderíase mover o mazo durante un ano enteiro, ou que relacionen este costume con actitudes de escarnio e certa presión sobre os que estaban traballando (pois todos vían como o facía), ou incluso cun mal uso dos que estaban coa súa quenda³⁴.

O calendario do mazo condicionaba o do ferreiro todo o ano. Durante os meses de estío, cando o nivel de auga nun río xa de por sí pouco caudaloso baixaba de maneira relevante, o mazo quedaba inutilizado, e con él todas as forxas espalladas nos barrios dos arredores. Este parón era, por outra parte, totalmente necesario, xa que aínda que o ferreiro desta zona desenvolve aínda hoxe a súa ocupación a tempo total e con carácter de exclusividade, válese da súa muller para manter cultivos e animais coma se fora un labrego, asegurándose así certo grao de autosubsistencia, máis aló dos inxentes ingresos que o seu oficio lle puidera reportar, a diferenza daqueles outros. Tras a Feira das Cruces, que se celebraba nos primeiros días do mes de xullo en Sobrado dos Monxes, e que era sempre a última da temporada á que estes ferreiros solían acudir, a dura rutina da forxa quedaba aparcada en prol das actividades agrarias propias da estación: recoller colleitas, gadañar, secar e volver a herba, etcétera, para moitas das cales precisábase todo o xentío dispoñible. A volta ao mazo e á forxa producíase a finais de setembro.

Abandono

Quizá máis propio que falar de abandono, sería facelo de substitución, pois esta ferramenta segue existindo nas forxas dos mesmos ferreiros, se ben agora xa con outra fonte de enerxía ben distinta e un mecanismo infinitamente menos complexo, tanto técnica como social e culturalmente. O abandono dos mazos hai que situalo maioritariamente nas décadas de 1960-70, aínda que o ocaso comeza a debuxarse a mediados dos 50, cando empeza a coñecerse a existencia duns mazos de pequeno tamaño e funcionamento eléctrico, idóneos para a súa instalación na propia forxa. Isto supoñía aforro de tempo, maior comodidade e unha dispoñibilidade total do enxeño, e polo tanto maior capacidade de produción. O inconvincente non era tanto o coste, como a ausencia dun suministro eléctrico de calidade.

O primeiro martinete eléctrico habido na zona comprouno un ferreiro do lugar de Soutelo, na mesma parroquia de Ferreiravella, en 1955. Pese ás enormes dificultades que elo supuxo, ao pouco tempo tíñao alquilado por horas á maior parte dos seus veciños, que non tardaron en convencerse das súas bondades, aínda cun servizo deficitario de luz como o que se tiña, xerado entón no muíño do Pego, no mesmo rego que alimentaba ao mazo da Fraga. Cos anos, e a perseguida mellora do tendido eléctrico, todos os mazos hidráulicos, tras séculos de invariable existencia, foron quedando relegados a un conxunto ruinoso e comesto pola frondosa vexetación dos vales nos que se ubican. Nalgúns casos, como o do antiquísimo mazo habido no lugar homónimo, na propia parroquia de Ferreiravella, a destrución foi practicamente total e apenas quedan

³⁴ Algunhas frases significativas: *Ho, Jesús, alí, alí á noite, alí á noite era o cine de todos. Tabas traballando e logo non che deixaban moverte, ou Algúns poñíanse chispos, despois apedraban todo, e alí había un furado para onde está a trompa, debaixo do banzado, e aparecían alí ferros a montóns, de fouciños que apedraban e tirábanos alí e, bah, vaia se bebían...*

catro pedras molladas de lembranzas. O Mazo da Fraga, máis tardío e a apenas uns centos de metros por riba daquel, correu mellor sorte, ao atoparse nun lugar máis lonxano e inaccesible, e hoxe conserva non só gran parte da edificación, senón sobre todo a esencia da paraxe na que foi erguido e usado.

O declive do mazo foi, de paso, o do río. A xeralización da electricidade trifásica supuxo a substitución definitiva de todos aqueles enxeños de carácter popular e funcionamento hidráulico que durante centos de anos traballaron ao pé dos cauces. No rego de Ferreiravella, isto derivou no abandono dun verdadeiro complexo industrial, no que chegaron a contarse 3 mazos, 38 moas, 5 muíños e 1 planta de produción de electricidade³⁵. Ferreiros e afiadores saíron gañando cun cambio que modificou a fonte de enerxía e unhas duras condicións de traballo, pero non unhas técnicas que, tras varios séculos, seguen sendo as mesmas, servindo para o mesmo, e dando de comer aos fillos dos que souberon transmitilas durante xeracións.

Ésta que pretendemos dar a coñecer, é a historia particular e practicamente inédita dun conxunto patrimonial diferente. Como o xacemento arqueolóxico que comeza a ser, vén quedando soterrado baixo densas capas de recheo que ocultan a estratigrafía que nos interesaría ver: aquela que permite comprender o xacemento, as xentes que viviron nel, a época e a cultura na que se deu, o carácter propio que o adxectiva e o sitúa na globalidade do mundo. Recuperar agora ese relato perdido, que é memoria, cultura, identidade, é un traballo que deberá sobrepasar estas liñas, pero partindo sempre dun coñecemento directo do mesmo. Dun coñecemento, en definitiva, como o que neste texto tentamos recoller.

Bibliografía

- Abraira Pérez, Miguel A.: *Ferreiro, técnica, cultura. O traballo tradicional do ferro en Riotorto, A Pontenova e Taramundi*, Concello de Valga, 2003.
- Fernández, J.: *Forxas hidráulicas mazos ou machucos no norte galego: arquitectura, síntese histórica e análise do artilluxio mecánico*, Sada, Edicións do Castro, 1991.
- González Pérez, C.: *A produción tradicional do ferro en Galicia: as grandes ferrerías da provincia de Lugo*, Deputación Provincial de Lugo, 1994 (reedición 2000).
- Lorenzo Fernández, X.: “O mazo, a trompa e a moa”, *I Congreso de Etnografía e Folclore* (1956), vol. 2, Lisboa, Junta de Acção Social, 1963 (pp.175-181).
- Madoz, P.: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de Galicia* (Madrid, 1845-1850), edición facsimilar da parte galega, Libros Galicia, 1986.
- Pol Fernández, J.M.: *Rehabilitación do Mazo da Fraga*, Proxecto de fin de carreira (dir. Manuel Caamaño), Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, 2001 (inédito).
- Saavedra, P.: “Un aspecto de la economía monástica: la producción de hierro. El ejemplo del monasterio de Villanueva de Oscos”, *Semana de Historia del Monacato Cantabro-Astur-Leonés*, Oviedo, 1982 (pp.531-554).
- Saavedra, P.: *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo. 1480-1830*, Consellería de Presidencia, Xunta de Galicia, Madrid, 1985.

³⁵ Este reconto procede do traballo de J. Fernández (1991: 157-160), do que se nos ofreceron pequenas variacións nas cifras referentes aos muíños (6) e ás moas (30-32), nas distintas entrevistas mantidas nos dous últimos anos cos ferreiros e afiadores da zona, o que podería atribuírse ao paso de varias décadas desde o abandono destas ferramentas.

Schulz, G.: *Cuaderno de campo, nº 2 (Marzo-Agosto 1833)*, edición facsimilar, Sada, Edicións do Castro, 1992.

Vázquez de Prada, V.: “Las antiguas ferrerías de Vizcaya (1450-1800)”, *Melanges en l'honneur de Fernand Braudel*, vol.2, Toulouse, 1973 (pp.661-671).

VV.AA.: *A terra e os homes: fotografías de Walter Ebeling (1928-1933)*, Santiago, Deputación de Lugo, 2003.